




INTERCAMBIO RIBADEO - MONFORTE XORNADA DE CONVIVENCIA EN MONFORTE



O pasado xoves 2 de maio viaxamos a Monforte de Lemos para realizar a primeira xornada de convivencia do intercambio cultural educativo co CEIP Plurilingüe A Gándara.

Chegamos ao colexio da Gándara sobre as 10:30 h e ademais de coñecer este centro educativo, participamos nuns xogos de presentacións para coñecernos mellor en persoa.











Ao rematar os xogos, montamos nos dous autobuses para dirixirnos cara o centro de Monforte. No autobús de Ribadeo íamos os alumnos/as de 3º de Ribadeo e os de 3º de Monforte compartindo asentos e no autobús de Monforte íamos os alumnos/as de 4º de Ribadeo e os de 4º de Monforte.







Chegamos ao estacionamento do Parque dos Condes e desde alí comezamos a percorrer o centro histórico de Monforte (rúa Cardenal, praza de España) para logo ir subindo cara o Castelo de San Vicente.







Xa no alto, fixemos unha foto grupal co Parador de Turismo de fondo e vimos a Torre da homenaxe e o Mosteiro de San Vicente.





Logo comezamos a baixar cara Monforte percorrendo o barrio xudeu e seguindo o camiño á beira do río Cabe a carón da ponte romana.







Máis tarde e xa de volta no Parque dos Condes xantamos e xogamos a carón do río Cabe.









Despois vimos o Mosteiro de Nosa Señora da Antigua tamén coñecido como o os Escolapios ou como o Escorial galego e alí fixemos outra foto grupal.





Finalmente, montamos en autobús do mesmo xeito que pola mañá (os alumnos de 3º curso dos dous colexios xuntos e o mesmo os de 4º curso) e voltamos ao colexio de A Gándara para xogar un pouco e despedirnos dos nosos compañeiros/as.

Será marabilloso volver a compartir unha xornada de convivencia cos nosos novos amigos/as cando nos veñan a visitar a Ribadeo a finais de maio.



